



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

COMISIÓN PARITARIA DE TEMPOS E RENDIMENTOS PSA. PEUGEOT CITROËN

Vigo, 8 de Marzo de 2011
5/11

¿Producción ou Produtividade?

No mes de Febreiro, os traballadores/as das dúas Liñas de Producción, que dispón o noso Centro de Traballo, eramos informados das intencións da Dirección en canto a Producción prevista a realizar a partir de Marzo.

Na M-2 significaba un gran impacto negativo, baixando a cadencia a 36 veh/h, na mentres na M-1, era todo o contrario, incremento da cadencia a 47 veh/h.

Para a C.I.G., o resultado ven a desvelar as verdadeiras intencións, deste acentuado desequilibrio na produción, onde a Dirección non inverte no aproveitamento do UTIL INDUSTRIAL si elo non implica unha mellora na produtividade (maior produción en menos tempo efectivo de traballo). E se non, vexamos a realidade en que quedaría a M-1:

a)Producción.- Pretenden incrementarnos 2 vehículos mais a hora nas tres Quendas (44 vehículos a maiores), e o mesmo tempo reducir o horario de traballo a Quenda de Noite nunha hora. É dicir, si cun ritmo de 45 veh/h son 1051 os vehículos que se fabrican a día de hoxe no total desta Liña, con este novo prantexamento se pasaría a 1042. Estamos a falar de 9 coches menos pero a un maior ritmo de traballo, **¿Onde está o incremento da produción ?**

b)Equilibrio.- Si realmente a mobilidade dos traballadores/as dos distintos Talleres da Fábrica para M-1, é para poder facer fronte a esta suba de cadencia, estaríamos falando dun incremento significativo de postos de traballo. É dicir, si temos en conta o incremento da produción (sobre un 4%) no que se refire a integración de novos postos debера ser proporcional, **¿como pode ser que en toda a cadea soamente se creen 4 novos postos?**

Para a C.I.G. TODOS somos coñecedores da realidade, unha demanda de máis efectivos para unha mellor distribución das cargas de traballo.

Como casar que estes días se poña en marcha toda unha campaña publicitaria interna e de portas a "Faro" na defensa da saúde dos traballadores/as, e o mesmo tempo se planifica esta modificación de produción que a demais de acentuar o desequilibrio entre as liñas, elevarían de xeito exponencial os ritmos de traballo das persoas afectadas.

Porque na **C.I.G.**, si nos creemos que os traballadores/as somos ó principal capital que ten un Centro de Traballo, a semana pasada, levamos a cabo un estudo a pe de liña nas tres Quendas (A, B e Noite) preguntando a tódolos traballadores/as que desempeñan as súas funcións directamente na cadea da M-1.

O traballo realizouse nos Módulos “11; 12; 13; 15; 22; 31; 32; 33 e 34”, co seguinte resultado:

ENQUISA	Quenda “A”	Quenda “B”	“Noite”	%
Postos que non sufriron modificacións	112	112	108	44’8%
Postos que modificaron operacións pero non supuxo ningún cambio significativo	56	47	41	18%
Postos que melloraron a súa situación	38	45	41	16’8%
Postos que empeoraron a súa situación	33	35	52	16%

Ante estes resultados, onde un so 17% dos traballadores/as consultados se lles mellorou a súas cargas de traballo, o resultado global non deixa lugar a dúbida de que estamos ante un brutal incremento de produtividade a conta dos traballadores/as, os mesmos dos que se di que nos preocupa a súa saúde.

Polo exposto, a **C.I.G.** solicitamos que **non se faga efectivo o prantexamento de incrementar a produción ata que se equilibren as cargas de traballo e se conten cos efectivos necesarios para cubrir os postos de nova creación .**



Asdo. Manuel Domínguez Delgado
Resp. na Comisión pola C.I.G.



Sec. Sindical PSA. PEUGEOT-CITROËN

Confederación Intersindical Galega

08 MAR 2011